



## “Fly The Future” dirixido aos centros de educación secundaria de Lugo

Avincis é unha empresa internacional, cuxa misión principal é salvar vidas e protexer o medio ambiente. Como empresa internacional destacada na enxeñaría de servizos, a nosa compañía non sempre atopa o persoal cualificado que precisa para o desenvolvemento dos seus proxectos, especialmente procedente de carreiras de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas (STEM). Un dos obxectivos do noso programa “Fly The Future” é precisamente despertar no estudiantado de educación secundaria a vocación polas carreiras universitarias STEM e así posibilitar a súa empregabilidade no futuro en centros de investigación e empresas como as que atoparán no Polo Aeroespacial de Galicia, epicentro internacional do desenvolvemento de tecnoloxías con vehículos aéreos non tripulados (UAV). Neste proceso de inmersión, non debemos esquecer que tan só o 31% do alumnado español de carreiras técnicas son mulleres. “Fly The Future”, poñerá o foco nesta realidade para que deixe de ser unha anomalía, polo menos entre a mocidade galega.

Como pretendemos captar a atención da xente moza? Ofrecémosvos unha visita ao Centro de Investigación Aeroportada de Rozas na que mostraremos o lado práctico das carreiras STEM, mediante a explicación, interacción e observación dos desenvolvementos tecnolóxicos abordados por Avincis no marco do Polo Aeroespacial de Galicia, a iniciativa estratéxica da Xunta de Galicia para situar a nosa Comunidade á vangarda neste sector.

Que verán nas nosas instalacións? En primeiro lugar, explicaráselles o potencial do Polo Aeroespacial de Galicia, núcleo de investigación tecnolóxico onde desenvolver a súa carreira profesional en temas tan apaixonantes como a aeronáutica aplicada aos UAVs, a realidade virtual e os sensores intelixentes de detección. A visita será unha experiencia inesquecible de aproximadamente 2 horas, onde os mozos e mozas verán ensaios de voo con UAVS e terán unha demostración de realidade virtual con lentes 3D. Finalmente, o alumnado terá a oportunidade de visitar o Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR), un dos centros tecnolóxicos máis destacados de Europa no campo dos UAVs.

**Lugar:** Aeródromo de Rozas - 27271 Castro de Rei (Lugo).

**Duración:** 1h 45 minutos. Hora de inicio 10.00 h.

Dirixido a estudantes de educación secundaria de Lugo.

**Datas:** venres de 2023.

**Inscripción** no seguinte formulario: <https://www.civiluavsinitiative.com/gl/visitas-programa-vocacions>